

O Camiño Portugués, seguido polos penitentes do país veciño, ten en Pontevedra a súa etapa máis importante en terras galegas

Tradicionalmente, o Camiño Francés é o máis importante tanto a nivel galego como a nivel xeral, en extensión e en importancia histórica, pero existen outras rutas menores que completan o conxunto.

Os Camiños Primitivo e do Norte, relevantes sobre todo nos tempos iniciais da peregrinación, entran en Galicia dende Asturias. O primeiro deles ten a súa principal etapa galega en Lugo, e o segundo conflúe en Arzúa coa vía francesa.

O Camiño Inglés, máis específico por ser utilizado polos viaxeiros escandinavos e británicos, ten unha ruta necesariamente marítima e establece na Coruña e en Ferrol os seus puntos de partida en Galicia.

O Camiño Portugués, seguido polos penitentes do país veciño, ten en Pontevedra a súa etapa máis importante en terras galegas. A chamada Vía da Prata era seguida polos peregrinos procedentes, no esencial, do sur da Península e presenta dúas variantes galegas que conflúen en Ourense.

Máis minoritarios, e ligados a outras motivacións son, por unha banda, os Camiños de Fisterra e Muxía, percorridos por aqueles que querían chegar á fin do mundo coñecido despois de visitar a basílica compostelá e, por outra, o itinerario do mar de Arousa e o río Ulla, vencellado á tradición da traslación dos restos do Apóstolo.



Camiño Francés		Camiño Inglés		Camiño do Sudeste Vía da Prata	
Camiño Primitivo		Camiño Portugués		Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla	
Camiño do Norte		Camiño de Fisterra - Muxía			

F. Singul, Os Camiños de Santiago en Galicia, Xunta de Galicia, 2004



Nos últimos anos santos non parou de medrar a afluencia de visitantes a Compostela



A Ponte Velha de Rubiães, no Camiño Portugués a Santiago



Albergue de Ribadeo. Camiño Norte



O Real Hospital de Montouto (A Fonsagrada), no Camiño Primitivo, tivo unha importante actividade ata finais do século XVIII

Os Camiños de Santiago en Galicia